

DO-0205 Orientación ao estudantado e atención ás  
necesidades específicas de apoio educativo

R2 DO-0203

Informe final de avaliación do Plan de Acción  
Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de  
Apoio Educativo (PAT-ANEAE)

Curso 2023/2024

Aprobado en Comisión de Calidade: 22/10/2024

Aprobado en Xunta de Escola: 23/10/2024

Vigo, a 23 de outubro de 2024

Guillermo García Lomba  
Coordinador CGIC

## Contido

1	Presentación .....	3
2	Equipo de coordinación e titorización .....	3
3	Estudantado de novo ingreso .....	3
3.1	Xornada de Benvida.....	3
3.2	Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso.....	4
4	Actividades do PAT-ENEAE dos graos.....	5
4.1	Reunións das persoas coordinadoras das titulacións co estudantado. ....	5
4.2	Actividades do PAT-ANEAE de 1º e 2º dos graos .....	5
4.2.1	1º curso dos graos .....	5
4.2.2	2º cursos dos graos .....	6
4.3	Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao de EE.....	7
4.3.1	3º curso de EE .....	7
4.3.2	4º curso de EE .....	7
4.4	Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao de ERME.....	8
4.4.1	3º curso de ERME.....	8
4.4.2	4º curso de ERME.....	9
5	Actividades do PAT-ANEAE do MUEM .....	9
5.1	1º Curso .....	9
5.2	2º Curso .....	11
6	Actividades do PAT-ENEAE do MUXSA.....	11
7	Actividades de orientación académica, profesional e formativas.....	12
8	Informe PIUNE.....	14
9	Programa de seguimento das persoas egresadas da EME.....	14
10	Conclusións.....	15

## 1 Presentación

O informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo PAT-ANEAE do curso 2023/2024, recolle as principais actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender a súas necesidades formativas e informativas.

O ámbito de aplicación de estas actuacións foron as titulacións da Escola de Minas e Enerxía (EME):

- Grao en Enxeñaría da Enerxía (en adiante GEE)
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en adiante GERME)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (en adiante MUEM)
- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (en adiante MUXSA).

## 2 Equipo de coordinación e titorización

No curso 2023/2024 as persoas designadas como titoras do PAT foron as mesmas que desempeñaron a coordinación de curso:

Táboa 1. Relación de persoas titoras do PAT

Función	Nome e apelidos	Contacto
Titora de 1º graos	Iria Feijóo Vázquez	<a href="mailto:ifeijoo@uvigo.gal">ifeijoo@uvigo.gal</a>
Titora de 2º graos	Raquel Pérez Orozco	<a href="mailto:rporozco@uvigo.gal">rporozco@uvigo.gal</a>
Titor de 3º GEE	Pablo Eguía Oller	<a href="mailto:peguia@uvigo.gal">peguia@uvigo.gal</a>
Titor 3º, 4º GERME	Fernando García Bastante	<a href="mailto:bastante@uvigo.gal">bastante@uvigo.gal</a>
Titora 4º GEE	Ana Rodríguez Rodríguez	<a href="mailto:aroguez@uvigo.gal">aroguez@uvigo.gal</a>
Titor 1º MUEM	Guillermo García Lomba	<a href="mailto:glomba@uvigo.gal">glomba@uvigo.gal</a>
Titora 2º MUEM	Marta M. Cabeza Simón	<a href="mailto:mcabeza@uvigo.gal">mcabeza@uvigo.gal</a>
Coordinadora PAT-ANEAE	Ángeles Domínguez Santiago	<a href="mailto:admiguez@uvigo.gal">admiguez@uvigo.gal</a> <a href="mailto:eme.piune@uvigo.gal">eme.piune@uvigo.gal</a>

## 3 Estudantado de novo ingreso

### 3.1 Xornada de Benvida

Como cada ano, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu ao novo estudantado dos graos de EE e ERME (7 de setembro do 2023). Nesta Xornada de Benvida informouse ao


estudantado de novo ingreso dos dous graos dos aspectos máis importantes da vida académica do centro: calendarios, horarios, prácticas, secretaría virtual, MOOVI, mobilidade, etc., así como as actividades das diferentes asociacións estudantis do centro. Esta información é accesible ao estudantado no espazo INFO1: Información e Orientación Primeiro Curso GEE/GERME.

### 3.2 Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso

O estudantado de novo ingreso fixo unha enquisa co obxectivo de coñecer os motivos para elixir os graos de EE e ERME así como os medios polos que coñeceron a titulación. No curso 2023/2024 contestaron a enquisa un total de 28 estudantes 22 do grao de EE e 6 do grao de ERME.

A motivación para elixir a titulación era un pregunta aberta polo que as respostas son diversas. A motivación mais repetida ten que ver co interese polas enerxías renovables, medio ambiente e a tecnoloxía en xeral e nalgún caso coas perspectivas laborais e de futuro (4 respostas) ou non poder entrar no grao que querían (3 respostas).

Na pregunta de por medio de quen coñeceron a titulación, a opción maioritaria e familiares e amigos, estando as outras moi repartidas (Figura 1).



Figura

Figura 1. Medio polo que coñeceron a titulación os estudantes de novo ingreso nos graos

A maioría do estudantado indica o interese dun traballo relacionado cas enerxías renovables cando rematen o grao.

Nas opcións de matriculación a maioría indican tamén algunha outra enxeñaría ou soamente GEE e GERME.

No apartado de temas nos que están interesados, cabe sinalar que a opción mais marcada é a divulgación científica, seguida dos idiomas (Figura 2).




Figura 2.

Figura 2. Temas de interese do estudantado de novo ingreso nos graos

## 4 Actividades do PAT-ENEAE dos graos

### 4.1 Reunións das persoas coordinadoras das titulacións co estudantado.

Fixéronse dúas reunións de seguimento co estudantado do 2º curso os días 21 e 22 de novembro, cos grupos de inglés e castelán respectivamente.

O 29 de novembro convocouse unha reunión de seguimento para informar ao estudantado de 4º curso sobre a implantación do novo plan de estudos.

### 4.2 Actividades do PAT-ANEAE de 1º e 2º dos graos

#### 4.2.1 1º curso dos graos

A presentación do PAT-ANEAE ao estudantado do primeiro curso realizouse o 7 de setembro, aproveitando o acto de benvida, e comentóuselles como acceder a toda a información no espazo MOOVI (PAT e enquisas do PAT).

#### Enquisas do 1º cuadrimestre

O 29 de novembro do 2023, convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI, co obxectivo de valorar a docencia do primeiro trimestre. Parte do estudantado a completou ese mesmo día, pero deixouse aberta a entrega desta enquisa ata o 22 de decembro de 2023 co obxectivo de que puidera cubrir a enquisa o estudantado que non puidese asistir a clase ese día e, por outra banda, para que o estudantado puidera avaliar a docencia tras realizar os exames da materia (neste caso, exames parciais). Ao final deste período completaron a enquisa 37 estudantes.

- Tendo en conta estes datos, as materias máis doadas son Expresión gráfica (1,6) Química: Química (1,9) mentres que as demais materias teñen un grao similar de dificultade Física: Física I (2,6), Matemáticas: Cálculo I (2,6) e Matemáticas: Álgebra lineal (2,5), nunha escala de 1 (dificultade baixa) a 3 (dificultade alta).
- A materia á que lle dedican máis horas de estudo semanais é Física: Física I (6,2h) mentres que a materia a que lle dedican menos horas é Expresión Gráfica (2,5h).

- O 35 % do estudiantado afirma estudar todos os días.

O 8 de maio de 2024 convocouse na aula, a todo o estudiantado a través de MOOVI, para a realización das enquisas do PAT, co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. Deixouse aberta a entrega desta enquisa ata o 26 de xuño de 2024 para que o estudiantado que non puidese asistir ese día a clase puidese tamén cubrir a enquisa e para que o estudiantado puidese valorar a docencia despois de realizar os exames e da entrega das as actas. Finalizado este período, cubriron a enquisa un total de 15 estudantes.

#### Enquisas do 2º cuadrimestre

- A materia co máximo de dificultade e Informática: Informática para a Enxeñaría. A materia máis doada e Empresa: Dirección e xestión.
- A materia á que lle dedican máis horas de estudo semanais é Informática: Informática para a Enxeñaría e Matemáticas: Cálculo II (6,2 h) mentres que a materia á que lle dedican menos horas é Matemáticas: Estatística (3,8 h).
- O 53 % do estudiantado afirma estudar todos os días.
- Dificultades e incidencias: As incidencias recollidas fan referencia á materia mais difícil (Informática: Informática para a Enxeñaría).
- Actividades e prácticas. Destacan as prácticas de Física.

#### **4.2.2 2º cursos dos graos**

A titora do 2º curso enviou unha mensaxe o 14 de setembro, a través de MOOVI, presentándose e presentando o PAT, e o día 20 pasou pola aula para presentarse e darlles a benvida ao PAT.

#### Enquisas do 1º cuadrimestre

A enquisa do primeiro cuadrimestre fíxose presencial e coa enquisa en MOOVI. O número de respostas varía segundo a materia de 20 a 24.

- Materia con menor grao de dificultade: Circuitos e máquinas eléctricas (1,8).
- Materia con maior grao de dificultade: Mecánica de fluídos (2,7).
- Materias as que dedican máis horas de estudo: Mecánica de fluídos e Resistencia de materiais.
- No segundo cuadrimestre, a coordinadora fixo unha reunión de seguimento o 6 de maio. Nesta reunión o estudiantado trasladou algunhas dificultades e queixas.

#### Enquisas do 2º cuadrimestre

- No segundo cuadrimestre o número de respostas foi similar o primeiro cuadrimestre (23).
- A materia á que lle dedican máis horas de estudo é Enxeñaría Mecánica e á que lle dedican menos horas é Seguridade e Saúde.
- Materia con menor grao de dificultade: Seguridade e saúde (1,3).
- Materias con maior grao de dificultade: Tecnoloxía Ambiental (2,8) e Enxeñaría Mecánica (2,9).
- O 65 % do estudiantado indica que estuda todos os días.

- Os comentarios nos espazos de resposta libre fan referencia ás dificultades e queixas dalgunhas materias, principalmente Enxeñaría Mecánica.

## 4.3 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao de EE

### 4.3.1 3º curso de EE

No 3º curso o titor realizou as enquisas de dificultade das materias do primeiro cuadrimestre no mes de novembro.

#### Enquisas do 1º cuadrimestre

- O estudiantado dedicoulle máis horas semanais de estudo á materia Xeración e distribución da enerxía térmica convencional e renovable mentres que a materia á que le dedicaron menos horas foi Instalacións eléctricas (6,2 h e 3,3 h de media respectivamente).
- Materia con menor grao de dificultade: Instalacións eléctricas (2,1).
- Materias con maior grao de dificultade: Enxeñaría de sistemas e control (2,6).
- O 38% do estudiantado indica que estuda todos os días.
- Nas actividades valoran positivamente as prácticas, especialmente as de Xeración e distribución da enerxía térmica convencional e renovable.

#### Enquisas do 2º cuadrimestre

- No segundo cuadrimestre o número de respostas foi menor (11).
- A materia á que lle dedican máis horas de estudo é Motores e turbomáquinas térmicas e á que lle dedican menos horas é Xeración eléctrica renovable e convencional.
- Materia con menor grao de dificultade: Tecnoloxía de combustibles alternativos (1,4).
- Materia con maior grao de dificultade: Sistemas eléctricos de potencia (2,3).
- O 27 % do estudiantado indica que estuda todos os días.
- Nos espazos de resposta libre comentan favorablemente as materias de este cuadrimestre.

### 4.3.2 4º curso de EE

No 4º curso responderon un total de 8 alumnos.

#### Enquisas do 1º cuadrimestre

- A materia á que o estudiantado dedicoulle máis horas semanais de estudo foi Proxecto colaborativo (8,3h).
- Materia con menor grao de dificultade: Organización de empresas (1).
- Materia con maior grao de dificultade: Proxecto colaborativo (3).
- O 75% do estudiantado indica que estuda todos os días.

#### Enquisas do 2º cuadrimestre

Neste cuadrimestre soamente houbo dúas respostas.

Segundo as enquisas a materia á que o estudiantado dedicoulle máis horas semanais de estudo foi o Tráballo Fin de Grao.

- Materia con menor grao de dificultade: Obras, replanteos e procesos de construción (1).
- Materia con maior grao de dificultade: Tráballo Fin de grao (2,5).
- O 50% do estudiantado indica que estuda todos os días.
- No espazo de resposta libre valoran favorablemente o software empregado nas materias.
- Nas suxestións, hai unha petición de máis información sobre o TFG.

#### 4.4 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao de ERME

En canto ás actividades realizadas nos dous cursos foron as seguintes:

- Sesión informativa de inicio de curso co estudiantado, presentándose o titor e recordándolles a existencia do PAT, a súa misión e poñéndose á súa disposición (non asistiu ninguén de cuarto curso).
- Envío de información ao estudiantado a través de MOOVI sobre notificacións e actividades que foron organizadas pola dirección do Centro ou externamente.
- Comunicación da sesión de PAT ao final do primeiro trimestre, así como das enquisas a realizar. Informouse ao estudiantado que non puidera asistir á sesión que as enquisas quedaban abertas durante unha semana na plataforma MOOVI.
- Sesión de fin de cuatrimestre co estudiantado de terceiro xa que non asistiron os do cuarto curso. Catro alumnos responderon as enquisas de 3º e 2 as enquisas de 4º.

##### 4.4.1 3º curso de ERME

###### Enquisas do 1º cuatrimestre

- A materia á que o estudiantado lle dedicou máis horas de estudo foi Mecánica de solos.
- Materia con menor grao de dificultade: Explotación sostible de recursos mineiros I (1).
- Materia con maior grao de dificultade: Mecánica de rochas (3).
- O 50% do estudiantado indica que estuda todos os días.

###### Enquisas do 2º cuatrimestre

No informe xerado por MOOVI, consta a resposta de cinco estudantes.

- A materia á que o estudiantado dedicoulle mais horas de estudo foi Obras subterráneas.
- Materia con menor grao de dificultade: Prospección e avaliación de recursos (1,3).
- Materia con maior grao de dificultade: Obras subterráneas (3).
- Non hai suxestións ou queixas no espazo de resposta libre.



#### 4.4.2 4º curso de ERME

##### Enquisas do 1º cuadrimestre

- Indican o mesmo tempo de estudo (6h) para todas as materias.
- As materias con maior grao de dificultade son SIX e ordenación do territorio e Rochas industriais e ornamentais (2).
- As demais materias teñen unha dificultade de 1.
- O 50% do estudantado indica que estuda todos os días.

##### Enquisas do 2º cuadrimestre

No informe xerado por MOOVI, consta a resposta de dous estudantes.

- A materia á que lle dedican maior tempo de estudo e Proxectos (8,5 h).
- A materia con maior grao de dificultade é Proxectos (2).
- As demais materias teñen unha dificultade de 1.
- O 50% do estudantado indica que estuda todos os días.

## 5 Actividades do PAT-ANEAE do MUEM

O coordinador de primeiro curso habilitou un espazo na plataforma MOOVI que se emprega como canle de comunicación co estudantado, onde se informa de cambios puntuais en horarios/espazos docentes, oferta de becas, celebración de conferencias, cursos, seminarios ou outras actividades extracurriculares de interese para o estudantado.

O 18 de setembro levouse a cabo unha xornada de benvinda para informar ao novo estudantado acerca do plan de estudos, dos horarios, do calendario, do profesorado e da profesión regulada de Enxeñeiro de Minas. O 24 de novembro se pediu ao estudantado a súa participación na enquisa de dificultade e seguimento das materias do primeiro cuadrimestre mediante habilitada en MOOVI; responderon 2 estudantes (sendo 5 o estudantado de nova matrícula pero soamente 2 a tempo completo).

### 5.1 1º Curso

O 24 de novembro se pediu ao estudantado a súa participación na enquisa de dificultade e seguimento das materias do primeiro cuadrimestre mediante habilitada en MOOVI; responderon 2 estudantes (sendo 5 o estudantado de nova matrícula pero soamente 2 a tempo completo).

##### Enquisa do 1º cuadrimestre

- De acordo coas respostas, o 100% do estudantado que responde á enquisa declara estudar todos os días.
- Dificultade media das materias: 2.1 (1-baixa, 2-media, 3-alta).
- Materia máis doada: Modelización e avaliación de recursos mineiros (1.0).
- Materia máis difícil: Obtención e transformación de materiais metálicos (dificultade 3).

- Horas de estudo semanais por materia: a media é de 2.7 horas, destacando as materias Obtención e transformación de materiais metálicos (cunha media de 4 horas semanais) e Explotación sostible de recursos mineiros (cunha media de 3 horas semanais).

A continuación se resumen as aportacións do estudantado nas preguntas de resposta libre, nas que destacan as actividades que lles resultaron máis interesantes, fan algunha suxestión e sinalan algunha incidencia puntual no desenvolvemento dalgunha materia.

### **Dificultades/incidencias:**

- Un estudante transmite as súas valoracións persoais sobre cada materia, sinalando a súa satisfacción coa meirande parte do profesorado, agradecendo o seu trato, dispoñibilidade e flexibilidade. Indica que, aínda que algunhas materias son duras e o nivel de esixencia elevado, a docencia está á altura. Por último traslada a súa queixa de que nunha parte da materia Explotación Sostible de Recursos Mineiros houbo moita separación entre as primeiras horas de clase e as seguintes.

### **Actividades / prácticas:**

- Sinalan que as saídas de campo son moi educativas para poñer nun contexto real o visto en clase e para afianzar conceptos.
- Sobre as prácticas de laboratorio comentan que son moi educativas e axudan a afianzar conceptos. Concretamente, destacan que foron moi interesantes as de Obtención e Transformación de Materiais Metálicos e as de Deseño e Execución de Obras Subterráneas que se realizaron no laboratorio de ensaios de Mecánica de Rochas, que axudan a facer todo moito máis visual.

### **Suxestións:**

- Non hai.

### Enquisa do 2º cuatrimestre

- Neste cuatrimestre soamente un estudante cursou todas as materias e participou na enquisa; isto debe ser tido en conta para valorar a representatividade da mesma.
- De acordo coas respostas, o 100% do estudantado que responde á enquisa declara non estudar todos os días.
- Dificultade media das materias: 1.8 (1-baixa, 2-media, 3-alta).
- Materias máis doadas: Enxeñaría de explosivos e Enxeñaría mineira (1.0).
- Materia máis difícil: Matemáticas avanzadas (dificultade 3).
- Horas de estudo semanais por materia: a media é de 2 horas, destacando a materia Enxeñaría de minerais e materiais (cunha media de 3 horas semanais).

A continuación se resumen as aportacións do estudantado nas preguntas de resposta libre, nas que destacan as actividades que lles resultaron máis interesantes.

### **Dificultades/incidencias:**

- Non hai.

**Actividades / prácticas:**

- Sinala que foron moi boas as visitas a empresas; que entende que con tan poucos estudantes no máster é máis complicado organizalas, polo valora ben telas xuntado coas de grao.

**Suxestións:**

- Non hai.

Enquisa final de satisfacción co PAT-ANEAE

Sen participación do estudantado.

**5.2 2º Curso**

No segundo curso fíxose unha reunión o 2 de novembro para comentar o PAT, detectar incidencias, coñecer que actividades foron mais interesantes recoller suxestións de temas ou información complementarios.

A segunda reunión do PAT tivo lugar o día 2 de febreiro de 2024, despois de rematar a última proba do curso. Asistiron 4 estudantes dos 5 matriculados nas materias do primeiro cuadrimestre, cursándoas na UVIGO (hai un alumno Erasmus).

Tratáronse diferentes temas do Máster, centrándose no cuadrimestre que concluíu. Tamén comentaron dúbidas sobre o próximo, prácticas empresariais e o TFM. Parte do estudantado cubriu nese momento a enquisa en MOOVI e outros preferiron facelo na casa. Os 5 responderon ao cuestionario.

Enquisa do 1º cuadrimestre

- As materias ás que lle dedican mais horas de estudo á semana son Simulación aplicada á mecánica de fluídos e Xestión de recursos enerxéticos (4,6).
- Materia con menor grao de dificultade: varias materias teñen a puntuación máis baixa (1,6).
- Materia con maior grao de dificultade: Simulación aplicada á mecánica de fluídos (3).
- O 20% do estudantado indica que estuda todos os días.
- Dificultades. En xeral opinan que hai demasiadas materias bastante complexas para as poucas horas que se lle poden dedicar a cada unha e moitas entregas de traballos. Tamén sinalan o problema de manexo cos simuladores como *OpenFoam* e *Salome-Meca*.
- Valoran positivamente as saídas de campo e visitas.

No segundo cuadrimestre non se fixo enquisa xa que o estudantado está a facer as prácticas externas e o TFM.

**6 Actividades do PAT-ENEAE do MUXSA**

O curso 2023/2024 empezou a impartirse o Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga en colaboración coas universidades da Coruña e de Santiago de Compostela. O 18 de

setembro realizouse unha sesión de presentación coa participación das coordinadoras das tres universidades, Ana María Vázquez González (UDC), Marta Carballa Arcos (USC) e María Araújo Fernández (UVIGO).

As cuestións referidas á carga de traballo excesiva nalgunha materia foron tratadas e resoltas a nivel interuniversitario. Ningunha das materias impartidas na UVigo presentou esta problemática.

## 7 Actividades de orientación académica, profesional e formativas

Durante o curso realizáronse unha serie de accións de orientación e formativas para o estudiantado da EME que se mostran nas táboas 2, 3 e 4.

Táboa 2. Actividades de orientación académica

Actividade	Data	Responsable
Sesión informativa sobre mobilidade	25/10/2023	Francisco Deive
Reunión co estudiantado para seguimento plan novo 4º curso	28/11/2023	Francisco Deive Iria Feijoo Fernando García Ana Rodríguez
Sesión informativa para o estudiantado do MUEM sobre a implantación do novo plan de estudo	7/02/2024	Elena Alonso
Sesión informativa sobre o TFG (procedemento administrativo, emprego da nova plataforma)	15/05/2024	Francisco Deive Iria Feijoo
Formación na redacción de textos científicos e técnicos	15/05/2024	Elena Alonso
Sesión informativa sobre o TFM (procedemento administrativo, emprego da nova plataforma) e redacción de textos científicos e técnicos	29/05/2024	Elena Alonso
Sesión informativa estudiantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM	16/07/2024	Elena Alonso
Sesión informativa de orientación académica e profesional. Participaron as persoas coordinadoras das dúas titulacións de máster universitario da Escola	19/07/2024	María Araújo e Elena Alonso
Sesión informativa estudiantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM	21/07/2024	Elena Alonso

Táboa 3. Actividades de orientación profesional

Actividade	Data	Responsable
Conferencia sobre saídas profesionais na enxeñaría da enerxía	27/11/2023	Alejandro López (Kaizen Institute)

Conferencia sobre as saídas profesionais e a profesión regulada dos/as enxeñeiros/as de minas	29/11/2023	Decano-Presidente do COIMNE
Sesión de orientación académica e profesional para o estudiantado de 3º e 4º dos graos da Escola: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formación de posgrao e profesión regulada</li> <li>- Programa de seguimento das persoas egresadas</li> <li>- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga</li> <li>- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas</li> </ul> Información sobre a empresa Kaizen Institute	13/03/2024	Elena Alonso Eduardo Liz María Araujo E. García (Kaizen Institute)
Conferencia sobre as saídas profesionais e a profesión regulada dos/as enxeñeiros/as de minas	15/05/2024	Juan Ricoy (COIMNE)

Táboa 4. Actividades formativas extracurriculares

Actividade	Data	Responsable
Conferencia sobre as comunidades enerxéticas	22/11/2023	Enxeñaría sen Fronteiras Galicia
Visita ás instalacións de <i>Plymouth Rubber</i> co estudiantado de 1º dos graos	15/12/2023	Francisco Deive
Visita de 1º curso a Cerámicas Campo	9/02/2024	Francisco Deive
Visita 2º curso á antiga mina de Meirama	23/02/2024	Iria Feijóo
Ciclo de conferencias Explorando oportunidades: Desvelando o potencial profesional no mundo da Enerxía e os recursos mineiros:	3/04/2024	Xandre Costas (EnergyLab e alumno de 4º de EE)
Ciclo de conferencias Explorando oportunidades: Desvelando o potencial profesional no mundo da Enerxía e os recursos mineiros	10/04/2024	Nuria Mourente (empresa do sector dos recursos mineiros e enerxéticos)
Ciclo de conferencias Explorando oportunidades: Desvelando o potencial profesional no mundo da Enerxía e os recursos mineiros	24/04/2024	Ana Larrañaga e Xurxo Regueira (alumnos de Doutoramento)
Os retos da transición enerxética cara un mundo descarbonizado: perspectiva socioeconómica	12/04/2024	Miguel Rodríguez Méndez
Desafíos da Industria Siderúrxica do Século XXI: Aceiro Verde	19/04/2024	Marta Cabeza

Seminario de Mecánica de Rochas. "Size dependent behaviour of intact rocks: recent findings and future direction"	03/05/2024	Profesor Hossein Masoumi, da Monash University
Voluntariado internacional e traballos fin de máster/grao en cooperación para o desenvolvemento coa ONG Enxeñaría Sen Fronteiras	10/05/2024	Sergio Fernández Alonso e Xoel González Viéitez
Uso de Explosivos - ámbito Garda Civil	16/05/2024	Persoal da Garda civil da Intervención de Armas de Pontevedra
Viaxe de estudos (graos es máster)	10 ao 14 de xuño de 2024	O estudantado foi acompañado polas profesoras Marta Cabeza e Raquel Pérez. Visitaron MATSA Mining, ATALAYA Mining, ENUSA e Atlantic Copper. Actividade financiada polo Consello Social da UVIGO, COIMNE e a EME
Seminario "SCIENTIFIC WRITING SEMINAR for doctoral students with English as an additional language". Participaron 20 persoas.	11 e 12 xullo 2024	Actividade organizada por Ana Rodríguez

## 8 Informe PIUNE

Na escola, no curso 2023/2024 houbo dúas persoas acollidas ao programa PIUNE. Ao principio de cada cuadrimestre enviouse un *email* as persoas coordinadores das materias nas que estaban matriculados/as coas indicacións remitidas pola UNATEN. No mes de maio chegaron as pautas para outra persoa e trasladáronse as persoas coordinadoras das materias correspondentes. Ao final de cada cuadrimestre a coordinadora do PAT-ANEAE enviou os correspondentes informes á Área de atención á diversidade. Non houbo incidencias ao longo do curso.

## 9 Programa de seguimento das persoas egresadas da EME

En maio de 2022 púxose en marcha o programa de seguimento de persoas egresadas da EME. O profesor Eduardo Liz Marzán, nomeado Enlace coas Persoas Egresadas lanzou neste curso a publicación da revista "Materia Prima"

<https://minaseenerxia.uvigo.es/es/estudiantes/revistas/>

coa finalidade de facer visible a actividade profesional e laboral das persoas egresadas. O 4 de decembro do 2023, coincidindo ca festividade de Santa Bárbara publicouse o nº1 do volume 2 e o 23 de xuño de 2024 o nº2 coincidindo co Día Internacional da Muller na Enxeñaría.

## 10 Conclusións

Como conclusións pódese indicar que:

- As actividades informativas e formativas realizadas ao longo do curso trataron temas de interese para o estudantado e a participación mellorou lixeiramente respecto ao curso anterior.
- A participación nas enquisas de dificultade mellorou ao fixar unhas datas para que o estudantado as responda en MOOVI de forma presencial.
- O interese do estudantado polo PAT e a asistencia as reunións convocadas polos titores é, en xeral, baixa.
- Os espazos INFO de información e coordinación en MOOVI facilitan o acceso á información para o profesorado e o estudantado e valórase como unha ferramenta que mellora o acceso a información ao estudantado.